



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2018 → 2019

CONCERTO FIN DE TEMPORADA

MÉRCORES 29

MAIO 2019

20.30 h


Auditorio de Galicia

Paul Daniel Director

Luis Iglesia Narrador

Coro feminino do Orfeón Terra A Nosa

Miro Moreira, Director



CONCERTOS
DE ABONO

Sala Mozart

19.45 h

CONvers@ndo con
PAUL DANIEL Director
LUIS IGLESIA Narrador

PROGRAMA

I

EDWARD ELGAR (1857-1934)

Pompa e Circunstancia Marcha núm. 1 en Re maior, op. 39 (5')

JONATHAN RATHBONE (1957)

A balada do cárcere de Reading (20')

(para narrador e orquestra, partir do poema homónimo de Oscar Wilde, traducido ao galego por Gonzalo Navaza)

Estrea en España

Luis Iglesia, narrador

ETHEL SMYTH (1858-1944)

Marcha das mulleres (3')

(himno do movemento sufraxista feminino)

Coro feminino do Orfeón Terra A Nosa

(Miro Moreira, director)

II

EDWARD ELGAR (1857-1934)

Variacións Enigma, op. 36 (31')

Enigma: Andante

Var.I. "C.A.E." *L'istesso tempo*

II. "H.D.S. - P." *Allegro*

III. "R.B.T." *Allegretto*

IV. "W.M.B." *Allegro di molto*

V. "R.P.A." *Moderato*

VI. "Ysobel" *Andantino*

VII. "Troyte" *Presto*

VIII. "W.N." *Allegretto*

IX. "Nimrod" *Moderato*

X. "Dorabella - Intermezzo" *Allegretto*

XI. "G.R.S." *Allegro di molto*

XII. "B.G.N." *Andante*

XIII. " *** - Romanza" *Moderato*

XIV. "E.D.U." - *Finale*

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 20 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Daniel Kordubaylo
Ilya Fisher
Claudio Guridi
Victoria Jurov
Ewa Pawlowska ***
Yulia Petrushevskaya
Michal Ryczel
Anna Alexandrova
Ildikó Oltai

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Samira Ajkic
Enrique Roca
Enrique Castillo ***
Gyula Vadaszi
Helena Sengelov
Kiyoko Ohashi
Irina Gruia

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Ionela Ciobotaru
Lucía Camiños ***
Oxana Bakulina
Celia Carabias ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Gema Pérez ***
Thomas Piel
Elena Domínguez ***
Carlos García
Ailsa Lewin

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Carmen Ferreiro (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Avelino Ferreira (R)
Martín Alves ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Jorge Ripoll ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Diego Fernández ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Germán Latorre ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Rodrigo Iglesias ***

TROMBÓNS

David Rodríguez (R)
Arturo Centelles (R)
Faustino Núñez (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Gonzalo Zandundo ***
Mª Isabel Diego (R)
Gratiniano Murcia (R)
Marta Figueiredo (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

PIANO

Irina Moryatova (R)

PAUL DANIEL

Director

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Covent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

LUIS IGLESIA

Narrador

O actor Luis Iglesia (Riotorto-Lugo, 1962) tivo papeis protagonistas en series televisivas de grande audiencia na Televisión de Galicia (TVG) como *Lobos e cordeiros*, *Pazo de familia*, *As leis de Celavella*, *Libro de familia*, *Terra de Miranda*, na miniserie *O Códice* e foi Carmelo Matalobos na exitosa serie *Matalobos* durante sete temporadas. Tamén participou en series de Tele5 como *Vivir sin permiso*, *Piratas* ou *Hospital Central*; en *El ministerio del tiempo* de TVE ou na TV movie *Entre bateas*. Exerceu de presentador e cantante no programa musical “Heicho cantar” da TVG, canle na que presentou varios programas.

No eido cinematográfico participou en longametraxes como *Julieta* de Pedro Almodóvar, *La playa de los ahogados* de Gerardo Guerrero, *Somos gente honrada*, *Vilamor*, *Secuestrados*, *Heroína* ou *El regalo de Silvia*, entre outras moitas películas. Ademais, tivo papeis protagonistas e secundarios en varias curtametraxes. No teatro formou parte de numerosas producións como actor, director, cantante ou monologuista.

No seu papel docente, foi profesor de técnica e improvisación en varias edicións do Título Propio de Especialista en Dobraxa da Universidade de Vigo. Foi coach de voz e locución para presentadores e locutores da CRTVG, así como profesor de interpretación e de dobraxe en diferentes cursos.

Ten recibido diversos premios e mencións ao longo da súa carreira. Foi nomeado a mellor actor protagonista por *Matalobos* nos Premios Mestre Mateo nas edicións de 2009, 2010, 2011 e 2012. En 2013 recibiu o galardón a Mellor Actor Protagonista nos Premios FETEGA (Festival de Teatro Galego no Carballiño) por *Gaivotas Subterráneas*.

CORO FEMININO DO ORFEÓN TERRA A NOSA

Miro Moreira, director

Fundado en 1966 polo franciscano Manuel Feijoo e dirixido dende 1984 por Miro Moreira, o compostelano Orfeón Terra A Nosa está dotado dun coro sinfónico en cuxo seo se conforma o coro de cámara, conxunto coral de carácter máis reducido para a interpretación das obras de vocación camerística. Dedicou unha especial atención á recuperación do patrimonio musical das catedrais galegas. Gravou con importantes orquestras e conxuntos de música antiga (Real Filharmonía de Galicia, Sinfónica de Galicia, Capela Compostelana). É dirixido por batutas do talle de Zedda, Colomer, Víctor Pablo Pérez, Paul Daniel, Ros Marbà, Massimo Spadano, William Lacey, Kantarov, Zumalave, Joam Trillo... Realizou xiras e participou en festivais internacionais con grande éxito da crítica nos Estados Unidos, Arxentina, Chile, Uruguai, Colombia, Venezuela, Alemaña, Inglaterra, Italia, Holanda, Bélxica, Portugal, O Vaticano, Polonia e Francia.

Edward Elgar (1857-1934)

Sir Edward Elgar é o compositor británico responsable do asentamento definitivo do “renacemento musical inglés” e a primeira figura de releve que as illas conseguen ‘exportar’ máis aló das súas fronteiras. Coa súa música, expresou o espírito dunha época e transmitiu a dimensión do ser humano mediante unha linguaxe musical moi particular, cargado de elocuente e brillante enerxía e cunha loita interior renovada continuamente. As súas obras máis coñecidas foron escritas entre 1899 e 1920, entre elas a súa primeira gran obra orquestral as *Variacións Enigma op. 36* (1899) e unha serie de cinco marchas, tamén orquestrais, *Pompa e Circunstancia op. 39* (1901-1930).

Detrás das *Variacións Enigma* hai varias versións e dúbidas sobre o seu nome, orixe e relación entre personaxes, temas e as catorce variacións concebidas polo compositor. Parece máis que certo que a xénese desta obra determinante na carreira de Elgar foi algo tan sinxelo como un xogo case infantil sobre o piano tras un fatigoso día de traballo. Foi Alice, a súa muller, quen captou que algo diferente estaba pasando aí, pedíulle que o repetira e el non só repetiu senón que realizou variacións durante un rato; en palabras do propio autor o que comezou como “algo humorístico, terminou convertíndose en algo moito máis fondo e serio” e que aproveitou para realizar unha serie de retratos musicais dos seus amigos. Estas *Variacións sobre un tema orixinal* foron compostas para unha plantilla romántica e coñecéronse como *Variacións Enigma*, porque a obra contiña dous acertixos. Un que ten que ver coas iniciais que acompañan cada variación e identifican ao personaxe que describe, e outro que ten relación co tema principal, entrelazado cun máis cuxa procedencia aínda se ignora. Elgar, ás veces, referíuse a el como ‘enigma’ pero foi o seu íntimo amigo August Johannes Jaeger quen lle deu ese nome a toda a obra. O tema principal en sol menor, interpretado polas cordas, é

intimista e reflexivo. A primeira variación está dedicada á súa esposa, Alice. Entre os seus amigos de Worcester aparecen retratados: o pianista amateur Hew Stewart Powell (con quen Elgar tocaba o violín, Variación II), un dos seus íntimos amigos, o arquitecto Troyte Griffith e o seu xeito de tocar o piano (expresado con humor a través dos timbais na Variación VII), Dora Penny, querida amiga da mocidade (Variación X) ou o entomólogo e cellista Basil G. Nevinson (Variación XII). É especialmente coñecida a Variación IX 'Nimrod' solemne e maxestuosa, interpretada moitas veces de maneira independente e dedicada a Jaeger, colaborador na editorial Novello que publicou a obra. Algunhas variacións amosan un toque de humor, como a dedicada a George Robertson Sinclair, organista da catedral de Hereford, ou máis concretamente ao seu bulldog Dan (Variación XI, na que se pode escoitar a versión orquestral dos ladridos do can) ou ao veciño William Meath Baker que un día, contrariado cos preparativos diarios da súa casa no campo, saíu da sala de música dando un portazo (Variación IV). A variación XIV responde ás iniciais E.D.U, o apodo que Alice daba a Elgar quen, neste final, mostra o seu lado máis asertivo e seguro rematando a obra co seu autorretrato musical.

A Marcha núm. 1 en Re maior é a primeira da serie *Pompa e Circunstancia* cuxo título ven do acto III, escena III de Otelo de Shakespeare na que o guerreiro levado pola errada crenza da infidelidade de Desdémona, di adeus á súa carreira: *Adeus ao rincho do corcel de batalla, ao tambor que conmove o espírito, ao pífano que perfora os ouvidos, á bandeira real e todas as súas cualidades, orgullo, pompa e circunstancia da gloriosa guerra*. Esta *Marcha* foi estreada en Londres en 1901 e ao ano seguinte foi adaptada para a coronación do rei Eduardo VII, incorporando o texto da oda *Land of Hope and Glory*. Elgar deulle á marcha un estilo sinfónico e un enérxico comezo, como se dunha broma se tratara, que se repite pouco antes da chegada da melodía

do célebre trío -unha das melodías máis populares da historia da música- que chega como un bálsamo despois da enorme forza da introdución. As súas melodías eran tan populares como boas e a marcha era a forma ideal para mostrar a arrogancia inglesa de inicio do século XX, así como o uso do *scherzo* e o *trío* tan común nas obras do romanticismo. Elgar creou deste xeito un modelo perfecto para a construción de marchas sinfónicas, que se converteron en melodías de referencia nese ámbito.

Jonathan Rathbone (1957)

Director musical dos Swingle Singers durante máis dunha década, Rathbone demostrou as súas prodixiosas dotes musicais como coralista do Christ's College de Cambridge e, antes diso, como corista da Catedral de Coventry. Durante a súa estancia na Royal Academy of Music de Londres, escribiu un maravilloso musical infantil baseado na historia de Oscar Wilde *O xigante egoísta*. Ten colaborado coas máis pretixiosas orquestras como a Filharmónica de Nova York dirixida por Pierre Boulez, a Filharmónica de Los Ángeles baixo a de Luciano Berio, e actuou no Carnegie Hall co gran Stephan Grapelli; e gravou co produtor de The Beatles, George Martin e a estrela do pop francés Etienne Daho. Deixou o seu grupo en 1996 para ter tempo para e componse e ten feito orquestracións para Sir Cliff Richard e Michael Ball, ou máis recentemente para Katherine Jenkins e Wynne Evans. A súa predilección polos textos de Oscar Wilde levouno a componse *A Balada da prisión de Reading*, unha obra escrita durante o segundo ano do encadeamento do escritor no penal de Reading onde foi condeado a traballos forzados por conducta inmoral. O texto permite atisbar cualidades da personalidade de Wilde como a sinxeleza no estilo, a reflexión sobre o sentido da vida e a natureza das paixóns humanas. A balada foi dedicada ao antigo soldado da Garda Real de Cabalería Charles T. Wooldridge, reo polo asasinato da súa parella que foi executado na mesma prisión na que estaba Wilde. Musicalmente é unha obra

que revela non só a comprensión aparentemente instintiva da forma e estrutura musical de Rathbone e a construción intelixente dun clímax finamente xulgados, senón moito máis. Así, como a súa *Misa*, revela indicios de Tippett (Un rapaz de noso tempo) e Kodály (*Salmo Húngaro*), tamén as texturas ben controladas deste poemario convincente e ben interpretado suxiren paralelismos curiosos: A ardente obra de Schoenberg, *A Survivor*, de Varsovia, e a escritura orquestral de Alban Berg (Lulu, o *Der Wein*), van conxuntados e en harmonía, ofrecendo una nobre compañía.

Ethel Smyth (1858-1944)

A Gran Dama do Imperio Británico, Ethel Smyth, decidiu dedicarse por completo á música tras enfrontarse ao seu pai e ás convencións sociais do seu tempo, conseguindo matricularse no Conservatorio de Leipzig onde coincidiu con Compositores como Brahms e Chaikovski. Tenaz como escritora e compositora e defensora da muller como creadora, comezou unha prolífica etapa de produción musical e entre 1891, ano da súa ópera prima *Misa en Re*, e 1925 compuxo ao redor de seis óperas (*Der Wald*, *Fête Galante*, *The Wreckers...*): gran variedade de música de cámara, corais, pezas vocais e música instrumental. En 1910, Ethel coñeceu a Emmaline Pankhurst -fundadora do Movemento Sufraxista Británico de Mulleres e dirixente da organizada Unión Política e Social de Mulleres (WSPU)- e conmovida polos seus discursos e, para loitar por un mundo mellor, fíxose militante do movemento sufraxista, militancia que a levou incluso á cadea, onde se di que compuxo a famosa *Marcha das mulleres* con letra de Cicely Hamilton en 1911. Foi pioneira no seu campo e a súa música, de estrutura e rasgos clásicos pero coas harmonías máis abertas de comezos de século XX, orquestración intensa e exuberante, foi allea ao puritanismo victoriano e para algún carente da feminidade esperada dunha compositora. En cambio, o escritor G. B. Shaw díxolle: “A túa música curoume para sempre da vella idea de que as mulleres non podían realizar o mesmo que os homes na arte”.

The ballad of Reading Gaol

Oscar Wilde

A balada do Cárcere de Reading

Oscar Wilde

Tradución de Gonzalo Navaza

1 He did not wear his scarlet coat,
For blood and wine are red,
And blood and wine were on his hands
When they found him with the dead,
The poor dead woman whom he loved,
And murdered in her bed.

Non precisaba farda vermella
tendo sangue e viño a eito.
E sangue e viño tiña nas mans
cando o acharon dese xeito
onda o cadáver da pobre amada
asasinada no leito.

2 He walked amongst the Trial men
In a suit of shabby grey;
A cricket cap was on his head,
And his step seemed light and gay;
But I never saw a man who looked
So wistfully at the day.

Indo na roda dos condenados
coa roupa gris que vestía,
calada a gorra, o paso vivo
aparentaba alegría,
mais non vin nunca ninguén que ollase
con tal ansia a luz do día.

3 I never saw a man who looked
With such a wistful eye
Upon that little tent of blue
Which prisoners call the sky,
And at every drifting cloud that went
With sails of silver by.

Eu non vin nunca ninguén que ollase
así de ansioso pra certo
burato azul que os presidiarios
dan en chamar ceo aberto,
e as ás de prata de cada nube
que voa con rumbo incerto.

4 I walked, with other souls in pain,
Within another ring,
And was wondering if the man had done
A great or little thing,
When a voice behind me whispered low,
"That fellow's got to swing."

Eu camiñaba con outros presos
en círculo separado
e ía cismando no grave ou leve
da culpa daquel coitado,
cando unha voz deitou baixiño:
"Ese vai ser enforcado!"

5 Dear Christ! the very prison walls
Suddenly seemed to reel,
And the sky above my head became
Like a casque of scorching steel;
And, though I was a soul in pain,
My pain I could not feel.

Deus santo! Foi coma se o cárcere
se estremeceuse talmente,
o ceo por riba de min volveuse
un casco de aceiro ardente;
sendo alma en pena, a pena miña
esvaeceu de repente.

-
- 6 I only knew what hunted thought
Quickened his step, and why
He looked upon the garish day
With such a wistful eye;
The man had killed the thing he loved,
And so he had to die.
- Souben entón o que inquietaba
e atormentaba aquel ser;
por que miraba o claror do día
con tal ansia vin saber:
aquel matara o que máis amaba,
por iso tiña que morrer.
- 7 Yet each man kills the thing he loves,
By each let this be heard,
Some do it with a bitter look,
Some with a flattering word,
The coward does it with a kiss,
The brave man with a sword!
- E mais é certo, sáibano todos,
todo home mata o que ama.
Hai quen o fai con aceno acedo,
e hai quen con lambida labia.
O que é covarde faino cun bico,
o valente, cunha espada!
- 8 Some kill their love when they are young,
And some when they are old;
Some strangle with the hands of Lust,
Some with the hands of Gold:
The kindest use a knife because
The dead so soon grow cold.
- Algúns acaban co amor de mozos,
outros mátanos de vellos;
algúns afógano con mans lascivas,
outros coas mans do diñeiro.
O máis xentil usa un puñal,
así o morto enfría cedo.
- 9 Some love too little, some too long,
Some sell, and others buy;
Some do the deed with many tears,
And some without a sigh:
For each man kills the thing he loves,
Yet each man does not die.
- Uns aman pouco, outros de máis.
Cómpranse e véndense afectos.
Algúns dan morte entre bágoas, outros
sen ningún remordemento.
Todo home mata o que máis ama.
Poucos morren por facelo.
- 10 He does not die a death of shame
On a day of dark disgrace,
Nor have a noose about his neck,
Nor a cloth upon his face,
Nor drop feet foremost through the floor
Into an empty space.
- Non todo o mundo morre na infamia
un desgraciado día fatal,
cun pano escuro cubrindo o rostro,
no pescozo un adival
e os pés no aire pendendo inertes
nalgún lóbreo local.
- 11 He does not sit with silent men
Who watch him night and day;
Who watch him when he tries to weep,
And when he tries to pray;
Who watch him lest himself should rob
The prison of its prey.
- Nin senta á par de miróns calados
todo o día a te axexar,
á espreita sempre por ver se choras,
por ver se intentas rezar,
á espreita sempre pra que non prives
da súa presa o lugar.
- 12 He does not wake at dawn to see
Dread figures throng his room,
The shivering Chaplain robed in white,
The Sheriff stern with gloom,
And the Governor all in shiny black,
With the yellow face of Doom.
- Nin acorda á alba amedrentado
ao entrar na cela o oficial
bruto e sinistro, o capelán trémulo
vestindo branco saial,
e o director, de negro, o rostro
coa cor do xuízo final.

13 He does not rise in piteous haste
To put on convict-clothes,
While some coarse-mouthed
Doctor gloats, and notes
Each new and nerve-twitched pose,
Fingering a watch whose little ticks
Are like horrible hammer-blows.

Nin se ha de erguer con penosa présa,
vestir a roupa de reo
e en tanto un rudo doutor se ocupa
de examinar cada nervio,
os tic-tac mínimos do seu reloxo
son martelazos horrendos.

14 He does not know that sickening thirst
That sands one's throat, before
The hangman with his gardener's gloves
Slips through the padded door,
And binds one with three leathern thongs,
That the throat may thirst no more.

Nin adoeece coa sede ardente
que queima a gorxa o momento
en que a enluvada man do verdugo
pon a punto o instrumento
e axusta o nó pra que non volvas
nunca máis estar sedento.

15 He does not bend his head to hear
The Burial Office read,
Nor, while the terror of his soul
Tells him he is not dead,
Cross his own coffin, as he moves
Into the hideous shed.

Nin encollido ten que escoitar
do oficio fúnebre a lectura,
nin cando o íntimo terror da alma
que aínda estás vivo asegura,
o cadaleito ver achegándose
á espantosa sepultura.

16 He does not stare upon the air
Through a little roof of glass:
He does not pray with lips of clay
For his agony to pass;
Nor feel upon his shuddering cheek
The kiss of Caiaphas.

Nin coa mirada ao teito alzada
ha buscar luz nas mañás,
nin con voz fría implorar que o día
da agonía quede atrás;
nin na meixela ha sentir, trememente,
o bico vil de Caifás.

17 Six weeks the guardsman walked the yard
In the suit of shabby grey:
His cricket cap was on his head,
And his step seemed light and gay,
But I never saw a man who looked
So wistfully at the day.

Só seis semanas andou no patio
coa súa roupa gris raída,
calada a gorra sobre a cabeza,
o andar de alegre fasquía.
Nunca vin home que así mirase,
con tanta melancolía.

18 I never saw a man who looked
With such a wistful eye
Upon that little tent of blue
Which prisoner call the sky
And at every wandering cloud that trailed
Its raveled fleeces by.

Nunca vin home que dirixise
tan melancólico o ollo esperto
a aquel pequeno toldiño azul
que os presos din ceo aberto,
buscando a nube fugaz que vaga,
folerca con rumbo incerto.

19 He did not wring his hands nor weep
Nor did he peek or pine
But he drank the air as though it held

Non amosaba sinais de espanto,
nada de pranto ou de dor,
bebía o aire coma quen bebe

Some healthful anodyne:
With open mouth he drank the sun
As though it had been wine!

un bálsamo confortador,
bebía o sol grolíño a groló
coma quen bebe un licor!

20 And I and all the souls in pain,
Who tramped the other ring,
Forgot if we ourselves had done
A great or little thing,
And watched with gaze of dull amaze
The man who had to swing.

E nós, as outras almas en pena,
no patio, sen comparar
as propias culpas coas súas,
adoitabamos mirar
con rara estima e medrosa grima
pra aquel que ían colgar.

21 For strange it was to see him pass
With a step so light and gay,
And strange it was to see him look
So wistfully at the day,
And strange it was to think that he
Had such a debt to pay.

Pois era rara aquela inquietude
de ledó aspecto no andar,
como era rara a melancolía
que reflectía no ollar
e ben máis raro pensar que tiña
tal débeda que pagar.

22 So with curious eyes and sick surmise
We watched him day by day,
And wondered if each one of us
Would end the self-same way,
For none can tell to what red Hell
His sightless soul may stray.

Non sen morbosó afán curioso
mirabámolo día a día
e cadaquén se preguntaba
se o mesmo final tería,
pois ninguén sabe en que inferno grave
a alma cega se extravía.

23 At last the dead man walked no more
Amongst the Trial Men,
And I knew that he was standing up
In the black dock's dreadful pen,
And that never would I see his face
For weal or woe again.

Ao cabo, o morto faltou no patio
no seu grupo habitual.
Souben que estaba no peirao negro
da travesía final,
que nunca máis volvería velo
para ben ou para mal.

24 Like two doomed ships that pass in storm
We had crossed each other's way:
But we made no sign, we said no word,
We had no word to say;
For we did not meet in the holy night,
But in the shameful day.

Fomos dous barcos que unha tormenta
fixo encontrarse no mar,
nada dixemos, nada falamos,
pouco había que falar.
Non foi encontro na santa noite,
foi día pra non lembrar.

25 A prison wall was round us both,
Two outcast men we were:
The worl had thurst us from its heart
And God from out His care:
And the iron gin that waits for Sin
Had caught us in its snare.

Uns mesmos muros nos recluíron,
eramos dous desherdados
a quen o mundo privou de afecto
e a quen Deus negou amparo.
E o garabito que anda ao delito
pillounos no mesmo lazo.

-
- 26 In Debtors' Yard the stones are hard,
And the dipping wall is high,
So it was there he took the air
Beneath the leaden sky,
And by each side a Warder walked,
For fear the man might die.
- Vila Clausura ten pedra dura,
muros o patio elevados,
onde el saía día tras día baixo dun ceo
entoldado,
e por temor de que lles morrese,
ía un garda a cada lado.
- 27 Or else he sat with those who watched
His anguish night and day;
Who watched him when he rose to weep,
And when he crouched to pray;
Who watched him lest himself should rob
Their scaffold of its prey.
- Ou ben sentaba cos que observaban
noite e día a súa aflicción,
os que axexaban por se choraba
ou rezaba unha oración,
os que miraban que non privase
a forza da súa ración.
- ***
- 28 We sewed the sacks, we broke the stones,
We turned the dusty drill:
We banged the tins, and bawled the hymns,
And sweated on the mill:
But in the heart of every man
Terror was lying still.
- Cosemos sacos, picamos pedras,
esburacamos camiño,
batemos reixas, berramos queixas
e suamos no muíño.
Mais no interior de cada un de nós,
o terror fixera niño.
- 29 So still it lay that every day
Crawled like a weed-logged wave:
And we forgot the bitter lot
That waits for fool and knave,
Till once, as we tramped in from work,
We passed an open grave.
- E alí crecía día tras día
coma argazo que a onda aperta.
Case esquecido o cruel castigo
que a ruíns e a talos se oferta,
vindo da xeira, certo serán,
vimos unha foxa aberta.
- 30 With yawning mouth the yellow hole
Gaped for a living thing;
The very mud cried out for blood
To the thirsty asphalt ring;
And we knew that ere one dawn grew fair
Some prisoner had to swing.
- Era un bocexo amarelo a foxa,
á espera do seu bocado,
laio da lama que lle reclama
máis sangue ao patio asfaltado.
E nós soubemos que antes da alba
un preso ía estar colgado.
- 31 That night the empty corridors
Were full of forms of Fear,
And up and down the iron town
Stole feet we could not hear,
And through the bars that hide the stars
White faces seemed to peer.
- Aquela noite nos corredores
vagaron sombras de pánico,
era a prisión axitación
de mudos, furtivos pasos;
dentro das celas, orfas de estrelas,
guichaban espectros brancos.
- 32 But there is no sleep when men must weep
Who never yet have wept:
So we -the fool, the fraud, the knave-
That endless vigil kept,
And through each brain on hands of pain
Another's terror crept.
- Chorou doente e sen sono xente
que nunca tiña chorado;
o vil, o tolo, o ruín fixemos
vixilia polo coitado,
e en mans da dor, o seu terror
foi terror compartillado.

33 The morning wind began to moan,
But still the night went on:
Trough its giant loom the web of gloom
Crept till each thread was spun:
And, as we prayed, we grew afraid
Of the Justice of the Sun.

Xemía a brisa anunciando a alba
mais a noite proseguía
no seu tremendo tear tecendo
unha arañeira sombría.
E nós, rezando... e receando
da xustiza á luz do día.

34 At last I saw the shadowed bars,
Like a lattice wrought in lead,
Move right across the whitewashed wall
That faced my three-plank bed,
And I knew that somewhere in the world
God's dreadful dawn was red.

Ao cabo, a reixa da cela, sombras
coma plúmbea filigrana
foi debuxando sobre a
parede da beira da miña cama.
Souben entón que o cruel albor
viña de cor encarnada.

35 At six o'clock we cleaned our cells,
At seven all was still,
But the sough and swing of a mighty wing
The prison seemed to fill,
For the Lord of Death witch icy breath
Had entered in to kill.

Ás seis en punto límpanse as celas,
ás sete nada se oe xa,
e entón, sombrío, un alento frío
a prisión veu ocupar.
Cun sopro forte, o Señor da Morte
entrara para matar.

36 He did not pass in purple pomp,
Nor ride a moon-white steed.
Three yards of cord and a sliding board
Are all the gallows' need:
So with rope of shame the Herald came
To do the secret deed.

Nin pasamento de pompa púrpura,
nin corcel dun branco astral.
Dez pés de cabo, un simple estrado
e hai forza para enforcar.
Coa infamia á vista, veu o Cronista
pasar revista... e calar.

37 We waited for the stroke of eight:
Each tongue was thick with thirst:
For the stroke of eight is the stroke of Fate
That makes a man accursed
And Fate wil use a running noose
For the best man and the worst.

Nós agardamos o toque de oito,
secas as linguas co ardor.
Toque das oito... toque de loito:
cumpre o Fado o seu labor.
E ha ter o Fado o nó axeitado
pra o mellor home e o peor.

38 There is no chapel on the day
On which they hang a man:
The Chaplain's heart is far too sick,
Or his face is far too wan,
Or there is that written in his eyes
Which none should look upon.

Alí a capela non abre o día
en que penduran alguén.
O capelán non debe ter azos,
nin saúde, nin é quen,
ou ten escrito nos propios ollos
que non ver é o que convén.

39 So they kept us close till nigh on noon,
And then they rang the bell,
And the warders with their jingling keys
Opened each listening cell,
And down the iron stair we tramped,
Each from his separate Hell.

Así achegámonos ao mediodía
e entón tanxeu a campá.
Sonoras chaves dos carcereiros
abren celas pra baixar.
E pola escada, cada un deixaba
o inferno particular.

40 Out into God's sweet air we went,
But no in wonted way,
For this man's face was white with fear,
And that man's face was grey,
And I never saw sad men who looked
So wistfully at the day.

41 I never saw sad men who looked
With such a wistful eye
Upon that little tent of blue
We prisoners called the sky,
And at every happy cloud that passed
In such strange freedom by.

42 For where a grave had opened wide,
There was no grave at all:
Only a stretch of mud and sand
By the hideous prison-wall,
And a little heap of burning lime,
That the man should have his pall.

43 For he has a pall, this wretched man,
Such as few men can claim:
Deep down below a prison-yard,
Naked for greater shame,
He lies, with fetters on each foot,
Wrapt in a sheet of flame!

44 For three long years the will not sow
Or root or seedling there:
For three long years the unblessed spot
Will sterile be and bare,
And look upon the wondering sky
With unreproachful stare.

45 They think a murderer's heart would taint
each simple seed they sow.
It is not true! God's kindly earth
Is kindlier than men know,
And the red rose would blow more red,
The white rose whiter blow.

46 He is at peace -this wretched man-
At peace, or will be soon:

Ao suave fresco do patio fomos,
sen ánimo nin enerxía,
o rostro duns, branco de medo,
o doutros, gris e sen vida.
Nunca vin homes que así mirasen
con tal ansia a luz do día.

Nunca homes tristes que así mirasen
tan ansiosos para certo
burato azul que os presidiarios
chamabamos ceo aberto
e cada nube que ía pasando
feliz e ceibe, con rumbo incerto.

Onde viramos a foxa aberta
ben poucos sinais quedaban,
tan só un recanto de lama e xabre
ao pé da horrible muralla,
e un montonciño de cal ardente,
a falta doutra mortalla.

Mortalla igual ca a dese coitado
poucos homes han de ter,
aos pés dos muros dunha cadea,
cunha cadea nos pés,
e pra maior vergoña, espido,
cun manto de cal a arder!

Tres longos anos naquela esquina
non se ha poder sementar.
Tres longos anos maldito, a ermo,
ha de quedar o lugar,
mirando o ceo abraiante
con irreprochable ollar.

Pensan que o sangue dun asasino
pode empezoñar as herbas.
É falso, a terra de Deus é pródiga,
ben máis do que a xente pensa.
E a rosa branca agroma máis branca,
e a vermella, máis vermella.

El xa descansa, o malpocado,
na paz por que devecia.

There is no thing to make him mad,
Nor does Terror walk at noon,
For the lampless Earth in which he lies
Has neither Sun nor Moon.

- 47 They hanged him as a beast is hanged:
They did not even toll
A requiem that might have brought
Rest to his startled soul,
But hurriedly they took him out,
And hid him in a hole.

- 48 The Chaplain would not kneel to pray
By his dishonoured grave:
Nor mark it with that blessed Cross
That Christ for sinners gave,
Because the man was one of those
Whom Christ came down to save.

- 49 In Reading goal by Reading town
There is a pit of shame,
And in it lies a wretched man
Eaten by teeth of flame,
In a burning winding-sheet he lies,
And his grave has got no name.

- 50 And there, till Christ call forth the dead,
In silence let him lie:
No need to waste the foolish tear,
Or heave the windy sigh:
The man had killed the thing he loved,
And so he had to die.

- 51 And all men kill the thing they love,
By all let this heard,
Some do it with a bitter look,
Some with a flattering word,
The coward does it with a kiss,
The brave man with a sword!

Xa non hai nada que o volva tolo,
terror que lle turbe a vista.
Na terra lúgubre onde repousa
xa non hai noite nin día.

A ese colgárono coma a unha besta
sen responsos nin boato,
non tivo a alma asustada o mínimo
réquiem polo seu descanso.
Ás agachadas e a toda présa
botárono nun burato.

Na súa tumba, por deshonrosa,
non rezou o capelán,
nin colocaron a cruz de Cristo
que se adoita colocar,
por máis que el fose dos pecadores
a quen Cristo veu salvar.

Hai na prisión de Reading un
vergoñento pozo innobre
onde repousa un desgraciado
que o cal ardente consome.
Cunha mortalla de lume xace
en tumba que non ten nome.

Ata que Cristo reviva os mortos
alí vai permanecer.
Non paga a pena gastar un laio
ou unha bágua... Pra que?
Ese matara o que máis amaba,
por iso tiña que morrer.

Pois é ben certo, sáibano todos,
todo home mata o que ama.
Hai quen o fai con aceno acedo
e hai quen con lambida labia.
O que é covarde faino cun bico,
o valente, cunha espada!

A MARCHA DAS MULLERES

Música: Ethel Smyth

Letra: Cicely Hamilton

Berra, berra alto a túa canción! Grita co vento ao amencer.
Avancemos, avancemos, facendo ondear a nosa bandeira e a esperanza
que esperta
Esta canción e a súa historia, os soños da súa gloria, chámannos con
ledas palabras!
Alto e máis alto íchase o trono da liberdade, é a voz do Señor!

Lonxe xa no pasado, iamos atemorizadas baixo as luces do ceo. Fortes e
máis fortes mantémonos na nova confianza sen medo
A forza coa súa beleza, a vida co seu deber... Oíde a voz! Oíde e
obedece!
Elas chámannos. Abride os ollos ao resplandor do día.

Camaradas, que ousastes as primeiras na batalla a ser desprezadas e
rexeitadas, xa non necesidades coidados. Levantemos os ollos a unha
mañá maior. Camiños de cansazo, días de monotonía, dureza e dor
teremos que soportar pola causa. Sairemos vitoriosas lucindo a grilanda
das valentes vencedoras.

A vida e a loita, ambas son o mesmo. Ninguén pode gañar senón con
ousadía e fe. Polo que xa fixemos, estamos preparadas para a tarefa de
hoxe. Firmes na alianza, sorrintes no desafío, pois a risa con esperanza
é a fin. Marchemos, marchemos, moitas como unha soa, ombreiro con
ombreiro e amiga con amiga"

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves, 6 xuño, 2019 - 20.30 h
RFG con alumnos da EAEM

Maximino Zumalave, director

Gema Pérez, Ewa Pawlowska, Jorge Ripoll,
Elena Domínguez, Rodrigo Iglesias, Germán
Latorre, solistas

Obras de J. Haydn, W. A. Mozart, G. Rossini e
A. Vivaldi

Xoves, 13 xuño, 2019 - 20.30 h
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Obras de G. Barry, J. Adams, E. Soutullo e F.
Say

XX Ciclo de Lied
Mércores 18 de setembro

Luca Pisaroni, baixo-barítono
Maciej Pikulski, piano

Luns 23 de setembro

Juliane Banse, soprano
Itsvan Simon, bailarín
Alexander Krichel, piano
Winterreise con danza

Mércores 25 de setembro

María José Montiel, mezzosoprano
Iván Martín, piano



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura